



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026731	Campo de San Alberto	Noia	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0653	Xestión financeira	2017/2018	7	123	147
MPMP06_53	Produtos e servizos financeiros	2017/2018	7	90	108
MPMP06_53	Seguros	2017/2018	7	33	39

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JULIA NOVALES ORDAX
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de xestión financeira da empresa, que abrangue aspectos como:

- Determinación das necesidades financeiras da empresa.
- Procura de financiamento e de axudas públicas.
- Procura de produtos e servizos financeiros que se adapten ás necesidades da empresa.
- Contratación de produtos e servizos financeiros e de seguros.
- Análise e selección de investimentos óptimos para a empresa, tanto bolsistas como en activos económicos.
- Verificación de orzamentos e detección de desviacións.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na área de financiamento de pequenas e medianas empresas de calquera sector de actividade.

Asimesmo, a formación do módulo permite o desenvolvemento das competencias profesionais previstas no currículo, a saber:

- Supervisar a xestión de tesouraría, a captación de recursos financeiros e o estudo de viabilidade de proxectos de investimento, seguindo as normas e os protocolos establecidos.
- Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais, nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

As empresas do entorno produtivo de Noia e comarca son pequenas e medianas (PEMES), fundamentalmente do sector servizos, e con pouca especialización, que realizan todas as funcións da empresa, polo que demandan profesionais de grao superior cunha formación ampla e que contemple todos os ámbitos da tramitación da documentación empresarial, en xeral, e relacionada cos aspectos financeiros, en particular. Esta programación adecúase a estas necesidades do entorno produtivo e permite formar administrativos de amplos coñecementos nestes aspectos.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	produtos e servizos financeiros do sector bancario	identificaremos as entidades que forman o sistema financeiro e estudaremos os produtos e servizos financeiros existentes no mercado	48	40
2	valores mobiliarios	identificaremos os valores mobiliarios e realizaremos os cálculos que nos permitan efectuar a selección de investimento nestes valores	28	20
3	planificación financeira e estados contables	aprenderemos a determinar as necesidades financeiras da empresa e a coñecer as axudas económicas existentes	20	10
4	planificación financeira e control orzamentario	valoraremos a importancia do orzamento na planificación da empresa e a necesidade de establecer métodos de control	12	10
5	produtos de seguros	comprenderemos en que consiste a actividade aseguradora e identificaremos os principais produtos e servizos de seguros	39	20



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	produtos e servizos financeiros do sector bancario	48

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Clasifica os produtos e os servizos financeiros, analizando as súas características e as súas formas de contratación.	SI
RA3 - Avalía produtos e servizos financeiros do mercado, para o que realiza os cálculos, e elabora os informes oportunos.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro.
CA2.2 Precísáronse as institucións financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.
CA2.3 Detalláronse os aspectos específicos dos produtos e dos servizos existentes no mercado.
CA2.3.1 detalláronse os aspectos específicos dos produtos financeiros de pasivo
CA2.3.2 detalláronse os aspectos específicos dos produtos financeiros de activo
CA2.3.3 detalláronse os aspectos específicos dos servizos
CA2.4 Recoñécéronse as variables que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.4.1 recoñécéronse as variables que interveñen nas operacións de produtos de pasivo
CA2.4.2 recoñécéronse as variables que interveñen nas operacións de produtos de activo
CA2.4.3 recoñécéronse as variables que interveñen nas operacións de servizos
CA2.5 Identifícanse os suxeitos que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.6 Relacionáronse as vantaxes e os inconvenientes dos produtos e servizos.
CA2.7 Determinouse a documentación necesaria esixida e xerada coa xestión dos produtos e servizos financeiros.
CA2.7.1 determinouse a documentación necesaria na xestión de produtos de pasivo financeiro
CA2.7.2 determinouse a documentación necesaria na xestión de produtos de activo financeiro
CA2.7.3 determinouse a documentación necesaria na xestión dos servizos financeiros
CA3.1 Recolleuse información sobre produtos e servizos financeiros a través de diversas canles dispoñibles.
CA3.2 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto.



Crterios de avaliación
CA3.3 Calculáronse as comisións e os gastos devindicados en cada produto.
CA3.4 Determinouse o tratamento fiscal de cada produto.
CA3.5 Determinouse o tipo de garantía esixido por cada produto.
CA3.6 Realizáronse informes comparativos dos custos financeiros de cada produto de financiamento proposto.
CA3.7 Comparáronse os servizos e as contraprestacións das entidades financeiras, resaltando as diferenzas, as vantaxes e os inconvenientes.
CA3.8 Comparáronse as rendibilidade, as vantaxes e os inconvenientes de cada forma de aforro ou investimento proposta en produtos financeiros.
CA3.9 Realizáronse os cálculos financeiros necesarios utilizando aplicacións informáticas específicas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Sistema financeiro.
Produtos financeiros de pasivo e de activo.
produtos financeiros de pasivo
produtos financeiros de activo
Servizos financeiros.
Outros produtos financeiros.
Procedemento de cálculo financeiro na xestión financeira.
Análise de operacións de desconto de efectos e liñas de crédito.
Análise de operacións de liquidación de contas.
Análise de operacións de depósitos.
Análise de préstamos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Métodos de amortización.
Análise de operacións de arrendamento financeiro e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes.
Análise de operacións de empréstitos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes.
Aplicación financeira da folia de cálculo.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	valores mobiliarios	28

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Selecciona investimentos en activos financeiros ou económicos, para o que analiza as súas características e realiza os cálculos oportunos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñeceuse a función dos activos financeiros como xeito de investimento e como fontes de financiamento.
CA4.2 Clasifícanse os activos financeiros utilizando como criterio o tipo de renda que xeren, a clase de entidade emisora e os prazos de amortización.
CA4.3 Distingúronse o valor nominal, de emisión, de cotización, de reembolso e outros para efectuar os cálculos oportunos.
CA4.4 Determinouse o importe resultante en operacións de compravenda de activos financeiros, calculando os gastos e as comisións devindicadas.
CA4.5 Elaboráronse informes sobre as alternativas de investimento en activos financeiros que máis se axusten ás necesidades da empresa.
CA4.6 Identifícanse as variables que inflúen nun investimento económico.
CA4.7 Calculouse e interpretouse VAN, TIR e outros métodos de selección de investimentos.

4.2.e) Contidos

Contidos
Mercados financeiros.
Renda fixa e variable.
Débeda pública e privada.
Fondos de investimento.
Produtos derivados.
Fiscalidade dos activos financeiros para as empresas.
Investimentos económicos.
Aplicación financeira da folla de cálculo.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	planificación financeira e estados contables	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina as necesidades financeiras e as axudas económicas óptimas para a empresa, logo de identificar as alternativas posibles.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Comprobáronse os estados contables desde a óptica das necesidades de financiamento.
CA1.2 Verificáronse informes económico-financeiros e patrimoniais dos estados contables.
CA1.3 Comparáronse os resultados das análises cos valores establecidos e calculáronse as desviacións.
CA1.4 Confeccionáronse informes de acordo coa estrutura e os procedementos, tendo en conta os custos de oportunidade.
CA1.5 Utilizáronse todas as canles de información e comunicación para identificar as axudas públicas e privadas, así como fontes ás que poida acceder a empresa.
CA1.6 Identificáronse as características das formas de apoio financeiro á empresa.
CA1.7 Contrastouse a idoneidade e as incompatibilidades das axudas públicas e privadas estudadas.

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise de estados financeiros.
Axudas e subvencións públicas e/ou privadas.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	planificación financeira e control orzamentario	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Integra os orzamentos parciais das áreas funcionais e/ou territoriais da empresa ou da organización, verificando a información que conteñen.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Integráronse os orzamentos das áreas nun orzamento común.
CA5.2 Comprobase que a información estea completa e na forma requirida.
CA5.3 Contrastouse o contido dos orzamentos parciais.
CA5.4 Verificáronse os cálculos aritméticos coa comprobación da súa corrección.
CA5.5 Valorouse a importancia de elaborar en tempo e forma a documentación relacionada cos orzamentos.
CA5.6 Controlouse a execución do orzamento e detectáronse desviacións e as súas causas.
CA5.7 Ordenouse e arquivouse a información de xeito que sexa doadamente localizable.
CA5.8 Utilizáronse aplicacións informáticas na xestión das tarefas orzamentarias.

4.4.e) Contidos

Contidos
Métodos de orzamentación.
Orzamento mestre e orzamento operativo.
Cálculo e análise de desviacións.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	produtos de seguros	39

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a tipoloxía de seguros analizando a actividade aseguradora.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse a lexislación básica que regula a actividade aseguradora.
CA1.2 Relacionáronse os riscos e as condicións da asegurabilidade.
CA1.3 Identifícanse os elementos que conforman un contrato de seguro.
CA1.4 Clasifícanse os tipos de seguros.
CA1.5 Establecéronse as obrigas das partes nun contrato de seguro.
CA1.6 Determináronse os procedementos administrativos relativos á contratación e o seguimento dos seguros.
CA1.7 Identifícanse as primas e os seus compoñentes.
CA1.8 Determinouse o tratamento fiscal dos seguros.

4.5.e) Contidos

Contidos
Concepto, características e clasificación.
Contrato de seguro e a valoración de riscos.
Elementos materiais e persoais dos seguros.
Clasificación dos seguros.
Tarifas e primas.
Xestión administrativa derivada da contratación dun seguro.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:

Identifícaronse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro.

Precisáronse as institucións financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.

Detalláronse os aspectos específicos dos produtos e dos servizos existentes no mercado.

Recoñecéronse as variables que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.

Determinouse a documentación necesaria esixida e xerada coa xestión dos produtos e servizos financeiros.

Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto.

Calculáronse as comisións e os gastos devindicados en cada produto.

Comparáronse as rendibilidades, as vantaxes e os inconvenientes de cada forma de aforro ou investimento proposta en produtos financeiros.

Realizáronse os cálculos financeiros necesarios utilizando aplicacións informáticas específicas.

Recoñeceuse a función dos activos financeiros como xeito de investimento e como fontes de financiamento.

Clasificáronse os activos financeiros utilizando como criterio o tipo de renda que xeren, a clase de entidade emisora e os prazos de amortización.

Distinguíronse o valor nominal, de emisión, de cotización, de reembolso e outros para efectuar os cálculos oportunos.

Determinouse o importe resultante en operacións de compravenda de activos financeiros, calculando os gastos e as comisións devindicadas.

Elaboráronse informes sobre as alternativas de investimento en activos financeiros que máis se axusten ás necesidades da empresa.

Identifícaronse as variables que inflúen nun investimento económico.

Calculouse e interpretouse VAN, TIR e outros métodos de selección de investimentos.

Comprobáronse os estados contables desde a óptica das necesidades de financiamento.

Comparáronse os resultados das análises cos valores establecidos e calculáronse as desviacións.

Confeccionáronse informes de acordo coa estrutura e os procedementos, tendo en conta os custos de oportunidade.

Utilizáronse todas as canles de información e comunicación para identificar as axudas públicas e privadas, así como fontes ás que poida acceder a empresa.

Identifícaronse as características das formas de apoio financeiro á empresa.

Integráronse os orzamentos das áreas nun orzamento común.

Contrastouse o contido dos orzamentos parciais.

Verificáronse os cálculos aritméticos coa comprobación da súa corrección.

Controlouse a execución do orzamento e detectáronse desviacións e as súas causas.

Utilizáronse aplicacións informáticas na xestión das tarefas orzamentarias.

Identificouse a lexislación básica que regula a actividade aseguradora.

Relacionáronse os riscos e as condicións da asegurabilidade.

Identifícaronse os elementos que conforman un contrato de seguro.

Clasificáronse os tipos de seguros.

Establecéronse as obrigas das partes nun contrato de seguro.

Identifícaronse as primas e os seus compoñentes.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Para superar positivamente o módulo profesional aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

- 1.-Realizaranse probas obxectivas de coñecemento sobre cada unha das unidades didácticas con contido teórico, práctico ou teórico-práctico. Estas probas serán puntuadas entre 0 e 10 puntos debendo obterse unha nota mínima de 5 puntos para superar a unidade.
- 2.-Valorarase a participación, realización de traballos, actividades propostas e asistencia a conferencias ou actividades programadas.



Notas trimestrais de avaliación:

A nota trimestral calcularase, en base a 2 conceptos, do seguinte xeito:

- 1.-Probas obxectivas (exames). A nota media das probas obxectivas realizadas no trimestre ponderará nun 80% da nota trimestral de avaliación. A estes efectos a nota media obtida nos exames realizados no trimestre multiplícase por 0,8.
- 2.-A participación puntuará con 2 puntos, valorándose: a realización de exercicios, a participación en clase, a realización de traballos e outras actividades propostas pola profesora. Se nalgún trimestre non hai actividades susceptibles de ser puntuadas como participación, os 2 puntos acumularanse ás probas obxectivas.

Para aprobar a avaliación trimestral o/a alumno/a deberá ter unha nota global de 5 ou superior e ter aprobadas todas as probas obxectivas realizadas. En caso contrario, a nota trimestral se establecerá segundo os seguintes criterios:

- a) Se a nota global resultante é de 5 ou superior e ten suspensa algunha proba obxectiva a nota trimestral será de 4.
- b) Se a nota global é menor que 5 e ten aprobadas todas as probas obxectivas, a nota trimestral será a nota global obtida e o/a alumno/a deberá mellorar nota nalgunha das probas obxectivas na contía suficiente para obter unha nota global de 5 ou superior.

Nota final:

- 1.-Para superar o módulo o alumno deberá ter unha nota de 5 ou superior en todas as probas obxectivas realizadas.
- 2.-As probas obxectivas non superadas poderán ser recuperadas na proba obxectiva final. Nesta proba só é necesario recuperar as partes non superadas durante o curso.
- 3.-A nota final será a media das notas trimestrais. Estas notas trimestrais estarán modificadas en función das notas obtidas nas partes recuperadas na proba obxectiva final

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao remate do curso, despois da segunda avaliación parcial e antes da avaliación final, realizarase unha proba obxectiva final na que cada alumno/a poderá recuperar as unidades didácticas que non superara ao longo do curso. A puntuación da proba será de 0 a 10 puntos, sendo necesario unha nota mínima de 5 para superala.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

As alumnas e alumnos que superen o límite máximo de faltas de asistencia do 10% das horas do módulo, segundo o establecido no decreto 114/2010 de 1 de xullo, perderán o dereito á aplicación dos criterios xerais de avaliación e deberán presentarse a un único exame en xuño.

A proba versará sobre os contidos dos módulo e será deseñada no seu momento se hai alumnado que se atope en situación de perda do dereito ao que se está a facer referencia.

A data, hora e duración desta proba establecerase en reunión de departamento e farase pública no taboleiro de anuncios cunha antelación mínima de 15 días.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente realizarase unha valoración da evolución da programación.

Ao final do ano realizase unha valoración global.

Ao final do curso académico realizarase unha enquisa entre o alumnado para valorar a práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Previamente ao inicio dos contidos do módulo faranse uns exercicios de cálculos matemáticos básicos e de comprensión lectora a partir de textos que dalgún xeito teñan que ver cos contidos do módulo, precisos para desenvolver con éxito o currículo, ao remate dos cales o alumnado realizará unha proba de control que será corrixida pola profesora en clase. Este control enténdese como a proba avaliación inicial.

O alumnado deberá seguir as indicacións persoais sobre o traballo a realizar, se se da o caso, para solventar aquelas carencias ou atrancos en cálculo matemático e comprensión lectora e expresión escrita que puideran resultar un impedimento para o seguimento da materia. A profesora proporcionará material axeitado, se é necesario.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo consistirán basicamente na atención personalizada na aula e no establecemento de tarefas complementarias con seguimento por parte da profesora

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e morais traballarase especialmente naquelas unidades didácticas que inclúan a lectura de textos ou o visionado de videos coa finalidade de formar cidadáns comprometidos cos valores dunha sociedade democrática.

O concepto de solidariedade entre as persoas, a procura dun mundo con menos desigualdades e a valoración do traballo en contraposición á cultura do diñeiro fácil e inmoral estará presente nas actividades e cuestionarios propostos pola profesora cando sexa procedente. A financiarización da economía fronte a unha economía baseada no traballo e nas actividades productivas será o tema dos materiais propostos para traballar en clase. A idea dun mundo "global", con interdependencias que non se poden eludir debe comprenderse para relacionala coa desigual e nada inocente distribución da riqueza mundial.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Neste módulo as actividades complementarias consistirán na lectura de noticias de actualidade, por exemplo, artigos de prensa, ou noticias sobre cambios legislativos, que afecten á materia. O obxectivo destas actividades é estimular a busca de información por parte do alumnado e, polo tanto, a súa autonomía á hora de resolver problemas concretos, por unha parte. Por outra, trátase de mellorar a comprensión lectora e analítica, así como de expresión oral, mediante cuestionarios e/ou preguntas en clase posteriores á lectura. Estas actividades se realizarán ao longo do



curso dependendo do desenvolvemento da materia, da existencia ou non de material idóneo, así como das características do grupo de clase.

Ademais, nos días sinalados no calendario para recordar determinados problemas sociais como a violencia de xénero, ou a situación do medio ambiente poderase traballar en clase material preparado para a ocasión en función das características do grupo, ou mesmo participando o alumnado nas actividades que diseña o centro, co obxectivo de educar nos valores sinalados no punto 9.a.